

JLML/JDA/amld

**CAD SAFE FORMACIÓN S.L.**

Avenida Buenos Aires, nº 40 baixo  
32004 Ourense

**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE CONVOCAN, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, AS PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO AO CICLO INICIAL DO GRAO MEDIO EN SENDEIRISMO, AO CICLO FINAL DE GRAO MEDIO EN MEDIA MONTAÑA E AO CICLO FINAL DE GRAO MEDIO EN ESCALADA, CONDUCENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN MEDIA MONTAÑA E TÉCNICO DEPORTIVO EN ESCALADA, SOLICITADAS POLO CAD SAFE FORMACIÓN DE OURENSE.**

Con data de rexistro de 25 de maio de 2022, o centro autorizado CAD SAFE Formación solicitou, perante esta Dirección Xeral de Formación Profesional, autorización para a realización das probas específicas de acceso ao ciclo inicial de grao medio en sendeirismo, ao ciclo final de grao medio en media montaña e ao ciclo final de grao medio en escalada correspondente aos títulos de Técnico deportivo en Media Montaña e Técnico deportivo en Escalada.

O devandito centro, con data de rexistro de 28 de xullo de 2022, achega a documentación requirida pola Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportes, en relación ao establecido no artigo 28 da *Orde do 22 de xullo de 2021 (DOG do 30), pola que se desenvolven determinados aspectos de ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia, completando a documentación presentada anteriormente.*

Pola *Orde do 29 de xaneiro de 2018 (DOG 14 de febreiro)* autorízase ao Centro Autorizado de Ensinanzas Deportivas SAFE EDUCACIÓN E FORMACIÓN S.L. de Ourense para impartir, na modalidade presencial, as ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo e técnico deportivo superior nas modalidades de Montaña e Escalada.

Na devandita solicitude expónse no primeiro punto que o *Real decreto 318/2000 establece os títulos deportivos das especialidades de montaña e escalada e que regula as probas e requisitos de acceso*, pero este non está actualmente vixente. Foi derogado polo *Real decreto 702/2019, do 29 de novembro, (BOE do 10 de xaneiro de 2020) que establece os títulos de Técnico deportivo en Barrancos, Técnico deportivo en Escalada e Técnico deportivo en Media Montaña e fixan os seus currículos básicos e os requisitos de acceso.*

A *Orde EFP/574/2021, do 7 de xuño (DOG 10), establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente aos títulos de Técnico deportivo en Barrancos, Técnico deportivo en*



### Escalada e Técnico deportivo en Media Montaña.

O capítulo V da precitada Orde do 22 de xullo de 2021 (DOG do 30 de xullo) regula o acceso ás ensinanzas deportivas tanto en centros públicos como autorizados.

Por *Resolución do 7 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 14 de maio), pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2022/23*. Nesta resolución non están recollidas as probas específicas de acceso ás modalidades de Escalada e de Media Montaña.

Tendo en conta o anterior, e co obxecto de garantir o acceso aos potenciais aspirantes para cursar as citadas ensinanzas, esta Dirección Xeral **RESOLVE**

1.- Convocar as probas específicas de acceso ao ciclo inicial do grao medio en sendeirismo, ao ciclo final de grao medio en media montaña e ao ciclo final de grao medio en escalada correspondente aos títulos de Técnico deportivo en Media Montaña e Técnico deportivo en Escalada, que se realizará de acordo ao seguinte:

- O tribunal avaliador constituirase nalgún día anterior a data dos exames, reunirase outro día para a preparación dos exames e das instalacións onde se realizarán as probas, e reunirase nalgún día posterior a data dos exames para rematar a avaliación e resolver as reclamacións, se as houberse.
- As probas terán lugar **o xoves 15 e o venres 16 de setembro de 2022** na **Estación de montaña Cabeza de Manzaneda (Ourense) a partir das 08:30 horas**. En caso de que as condicións metereolóxicas non permitan realizar as probas neses días, o tribunal poderá cambiar as datas das probas.
- A distribución das probas será a seguinte:

#### I. Ciclo inicial en grao medio en Sendeirismo:

Nome da proba	Data da proba	Hora da proba
• Proba de equipo técnico persoal	15/09/2022	A partir das 16:00 h
• Proba de progresión e resistencia por terreo de baixa montaña	15/09/2022	A partir das 16:30 h

#### II. Ciclo final en grao medio en Media Montaña:

Nome da proba	Data da proba	Hora da proba
• Orientación	15/09/2022	A partir das 16:30 h
• Progresión en baixa e media montaña	16/09/2022	A partir das 08:30 h



### III. Ciclo final en grao medio en Escalada:

Nome da proba	Data da proba	Hora da proba
<ul style="list-style-type: none"><li>• Escalada libre a vista</li><li>• Escalada vía semiequipada</li></ul>	15/09/2022	A partir das 08:30 h
<ul style="list-style-type: none"><li>• Orientación</li></ul>	15/09/2022	A partir das 16:30 h
<ul style="list-style-type: none"><li>• Progresión por terreo variado</li></ul>	16/09/2022	A partir das 08:30 h

- Só poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas.
- A inscrición para a realización das ditas probas deberá formalizarse na secretaría do CIFP A Farixa (Rúa Finca Farixa s/n, Mariñamansa, Ourense 32005) ata o día **6 de setembro**, presentando a documentación establecida na citada *Resolución do 7 de abril de 2022, (DOG do 21) da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2022/23*, e logo de aboar os prezos públicos establecidos para este tipo de probas no Decreto 89/2013, do 13 de xuño.
- A listaxe provisional das persoas admitidas publicarase o **8 de setembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa.
- As reclamacións á listaxe provisional de persoas admitidas e a entrega da documentación que se lles requira aos/ás aspirantes realizarase ata o día **12 de setembro** a través da secretaría do citado CIFP.
- A listaxe definitiva das persoas admitidas e a distribución dos/das aspirantes en función das probas publicarase o **13 de setembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa.
- A listaxe provisional das cualificacións das persoas aspirantes publicarase o día **19 de setembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa.
- As reclamacións á listaxe provisional das cualificacións realizarase ata o día **21 de setembro** a través da secretaría do citado CIFP.
- A listaxe definitiva das cualificacións das persoas aspirantes publicarase o **26 de setembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa.
- O tribunal da avaliación terá a categoría cuarta, e as persoas que o integran percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no *Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa*.
- As probas serán administradas, avaliadas e cualificadas por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Marcos Antonio Fernández Álvarez (inspector de Educación)



Secretario: Miguel Aragón Fitera  
Vogal 1: Álvaro Ramos Robles  
Vogal 2: José Manuel Pérez Prego  
Vogal 3: Juan José Cano Blázquez

O director xeral de Formación Profesional

José Luis Mira Lema

